



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) E PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES (PPTP) PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO TÉCNICO DE MANTEMENTO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS DO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

NÚMERO DE EXPEDIENTE: GALP2-F-2/2024

Contido do documento:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

1. CADRO DE CARACTERÍSTICAS
2. OBXECTO DO CONTRATO
3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
4. DETERMINACIÓN DO PREZO
5. CAPACIDADE E SOLVENCIA DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE
 - 5.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA
 - 5.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL
6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS
7. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS
8. APERTURA DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN
9. EXECUCIÓN DO CONTRATO
10. PUBLICIDADE
11. ANEXOS
 - 11.1. ANEXO I- Datos da persoa ou entidade licitante
 - 11.2. ANEXO II- Declaración Responsable
 - 11.3. ANEXO III- Declaración Responsable II
 - 11.4. ANEXO IV- Modelo de oferta económica

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES (PPTP)

1. CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN
2. CARACTERÍSTICAS DAS PRESTACIÓNS, FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR
3. FUNCIÓNS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO
4. PRAZO E EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

1. CADRO DE CARACTERÍSTICAS

Entidade de contratación	Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Golfo Ártabro Norte CIF: G70454657		
Obtención de documentación e información	Enderezo: Rúa Curro, nº 33 – 15630 Miño (A Coruña) Teléfonos: 981 784 417 / 636 736 788 Correo electrónico: galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal Sitio web do contratante: https://galp.xunta.gal/golfo-artabro/licitacions		
Órgano de contratación	Presidencia do GALP Golfo Ártabro Norte		
Responsable do contrato	Tamara Tilve Chan, Xerente do GALP Golfo Ártabro Norte		
Referencia do expediente	GALP2-F-2/2024		
Obxecto do contrato	Prestación do servizo técnico de mantemento de equipos informáticos do GALP Golfo Ártabro Norte como asociación sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).		
Tipo de contrato	Contrato de Servizos		
Tramitación	<input checked="" type="checkbox"/> Ordinaria <input type="checkbox"/> Urxente		
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/normativa)	<input type="checkbox"/> Procedemento I, para a adxudicación directa de contratos para necesidades puntuais ou esporádicas dos GALP. <input checked="" type="checkbox"/> Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimados. <input type="checkbox"/> Procedemento III, para gastos derivados de contratos suxeitos a regulación harmonizada.		
Contrato suxeito a regulación harmonizada	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	Subdivisión en lotes	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
Admisión de prórroga	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	Revisión de prezos	<input type="checkbox"/> Si, segundo a modificación do contrato prevista no PCAP <input checked="" type="checkbox"/> Non procede

Admisión de variantes e/ou melloras	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	Admisión de subcontratación	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
Criterios de adjudicación	<input checked="" type="checkbox"/> Prezo <input type="checkbox"/> Multicriterio		
Orzamento base de licitación	2.395,80 € (IVE incluído)		
Prazo de execución	Dende a formalización do contrato (previsiblemente febreiro) até o 31 de decembro de 2026.		
Financiamento	Esta contratación está financiada nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), segundo o Convenio de colaboración asinado polo GALP Golfo Ártabro Norte coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para a aplicación da EDLP no marco do FEMPA 2021-2027.		

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a prestación do **Servizo Técnico de mantemento de equipos informáticos** do GALP Golfo Ártabro Norte como asociación sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

O orzamento base de licitación para o servizo requirido ascende a un total de **2.395,80.-€** (IVE incluído), correspondente a unha base impositiva de 1.980,00.-€ e 415,80.-€ de IVE (21%).

Valor estimado do contrato*	5.775,00.-€ (IVE excluído)	
Orzamento de licitación	Importe base de licitación	1.980,00.-€
	IVE (21%)	415,80.-€
	Importe total de licitación	2.395,80.-€

*O Valor estimado do contrato inclúe o importe das posibles prórrogas do mesmo (ata o 31/12/2026)

4. DETERMINACIÓN DO PREZO

O cálculo do orzamento base de licitación desta contratación realizouse tendo en conta os prezos habituais no mercado deste tipo de servizos e os contratos anteriores realizados pola entidade de contratación para o mesmo obxecto.

O sistema de determinación do prezo é a tanto alzado. O importe de licitación calculouse en base á dimensión dos equipos e dispositivos que requiren mantemento para o correcto funcionamento do GALP, características, traballos a realizar e frecuencia dos mesmos.

5. CAPACIDADE E SOLVENCIA DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

As persoas ou entidades licitantes deberán presentar declaración responsable asinada de que cumpren cos requisitos e contan coa capacidade, solvencia económica e técnica esixida para a presente contratación.

A empresa adxudicataria deberá presentar nun prazo de 3 **(tres) días hábiles** dende o momento da súa notificación a documentación que acredite ditos extremos, previo requirimento da mesma polo GALP Golfo Ártabro Norte.

5.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA.

A solvencia económica e financeira acreditarase polos seguintes medios:

Volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do/a empresario/a e de presentación das ofertas, por importe igual ou superior ao esixido como requisito mínimo de solvencia.

Póliza de Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido como requisito mínimo de solvencia.

Requisito mínimo de solvencia:

Volume anual de negocios da persoa ou entidade licitante por un importe igual ou superior ao valor estimado do contrato, 5.775,00.-€ (IVE excluído), no ano de maior volume de negocio dos tres últimos exercicios concluídos.

Seguro de Responsabilidade Civil (RC) por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato, 5.775,00.-€ (IVE excluído).

Acreditación:

Volume Anual de negocios: A través da presentación das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a entidade licitante estivese inscrita no devandito rexistro e, en caso contrario, polas contas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Aquelas persoas licitantes non inscritas no rexistro, acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

No caso de persoas ou entidades licitantes cuxo período de actividades non abrangue os tres últimos exercicios, é necesario presentar a cifra de negocios do período de actividades da persoa ou entidade licitante, que deberá ser superior en todo caso á contía referida anteriormente, por ano ou fracción de ano acreditado.

Seguro de Responsabilidade Civil : Xustificante da existencia do seguro polo importe indicado.

5.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

A solvencia técnica ou profesional acreditarase polo seguinte medio:

Requisito: Ter realizado como mínimo tres servizos regulares de igual ou similar natureza dos que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos.

Acreditación: Relación dos principais servizos efectuados durante os tres últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos efectuados acreditaranse mediante declaración do/a empresario/a da relación de servizos prestados.

6. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS

Neste procedemento non se terán en conta criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

A adjudicación do contrato do servizo será para a **oferta economicamente máis vantaxosa**, atendendo a un **único criterio**, avaliábeis de forma automática mediante fórmula: **O prezo**.

Darase a máxima puntuación (100 puntos) á oferta económica admitida de prezo máis baixo. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$P_i = P_M \times OB / O_i$$

P_i = Puntuación da oferta a valorar

P_M = Puntuación máxima do criterio

OB = Oferta máis baixa das presentadas (sen IVE)

Oi = Oferta a valorar (sen IVE)

CRITERIOS DE DESEMPATE:

O empate entre varias ofertas logo da aplicación dos criterios de adjudicación, resolverase mediante a aplicación, por orde, dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas:

- a. Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.
- b. Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal.
- c. Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal.
- d. O sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polas persoas ou entidades licitantes no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

CRITERIOS DE OFERTA ANORMALMENTE BAIXA:

Unha oferta económica considerarase anormalmente baixa cando a súa proposta económica sexa inferior ao orzamento de licitación en máis de 20 unidades porcentuais.

Cando se identifique que unha oferta económica pode ser considerada anormalmente baixa, solicitarase á persoa ou entidade licitante que a presentou para que, no prazo máximo de **2 (dous) días hábiles**, contados a partir do día seguinte a aquel no que se envíe a comunicación, presente e xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma.

7. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

As ofertas, xunto coa documentación preceptiva, presentarse atendendo ás seguintes especificacións:

<p>Lugar de presentación</p>	<p>As propostas deberán ser remitidas por correo postal certificado ao GALP Golfo Ártabro Norte, no enderezo: Rúa Curro, nº33 – 15630 Miño (A Coruña), sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación dentro do prazo de presentación das ofertas por correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico: galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal</p> <p>Deberase presentar un total de dous sobres pechados:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Sobre A: “Documentación xeral”. -Sobre C: “Criterios avaliados de forma automática” <p>*No exterior dos mesmos debe indicarse:</p> <p>Tipo de sobre: A ou C</p> <p>Licitación: GALP2-F-2/2024 - Contrato de Informática.</p> <p>Nome e apelidos da persoa ou entidade licitante</p> <p>Sinatura do licitador/persoa que o represente.</p> <p><i>Non se admitirán ofertas presentadas por outros medios.</i></p>
<p>Prazo de presentación</p>	<p>O prazo máximo para a presentación de ofertas é de 5 (cinco) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación na páxina web https://galp.xunta.gal/golfo-artabro/licitacions. O prazo rematará ás 14 horas do quinto día hábil, non aceptándose ofertas que cheguen con posterioridade a dito prazo, así como xustificantes de presentación enviados fora de dito prazo.</p> <p>Se o último día de presentación coincide en sábado ou día inhábil, o prazo de presentación rematará o primeiro día hábil seguinte.</p> <p><i>Non se admitirán ofertas presentadas fora de prazo.</i></p>
<p>Forma de presentación</p>	<p>A documentación necesaria e preceptiva presentarase en dous sobres pechados:</p> <p><u>SOBRE A (identificando no seu exterior como “SOBRE A”)*:</u></p> <p>Anexo I – Datos da persoa ou entidade licitante</p> <p>Anexo II - Declaración responsable da persoa ou entidade licitante</p> <p>Anexo III - Declaración xurada de cumprimento de requisitos</p> <p>USB que conterá a documentación Anexo I, Anexo II e Anexo III asinada dixitalmente.</p> <p>(*) As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable, exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser presentada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria.</p> <p><u>SOBRE C (identificando no seu exterior como “SOBRE C”):</u></p> <p>Anexo IV - Oferta económica</p> <p>USB que conterá a documentación Anexo IV asinada dixitalmente.</p> <p>A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante.</p>

	<p>As ofertas presentadas, e toda a documentación preceptiva, deberán vir impresas e asinadas, nos respectivos sobres, pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante, debendo figurar unha folla independente na que se relacione o contido da oferta que se presenta (índice numerado do contido dos documentos que se presentan /documentación anexa); e, ademais, os Anexos I, II, III e IV deberán vir asinados dixitalmente insertos en dous USB que se incluírán respectivamente no SOBRE A (USB que conterá Anexo I, II e III) e no SOBRE B (USB que conterá o Anexo IV).</p> <p><i>Non se admitirán ofertas que conteñan erros na súa forma de presentación.</i></p>
--	---

8. APERTURA DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a **Comisión de contratación** reunirse dentro dos dous días seguintes á finalización, no lugar, día e hora sinalados no portal web <https://galp.xunta.gal/golfo-artabro/licitacions> para a revisión da documentación relativa ao **SOBRE A**, dando conta das proposicións presentadas e, no seu caso, adoptar o **acordo de admisión definitiva** das persoas ou entidades licitantes, especificando as causas de exclusión, se as houberse.

A continuación, procederase á apertura, en acto público, do **SOBRE C** das persoas ou entidades licitantes admitidas.

Descrición	Apertura en sesión privada do SOBRE A e acto seguido apertura en sesión pública do SOBRE C.
Lugar	Sede do GALP Golfo Ártabro Norte: Rúa Curro, nº33 – 15630 Miño (A Coruña)
Data e hora	Publicarase na páxina web: https://galp.xunta.gal/golfo-artabro/licitacions a data e a hora da apertura do Sobre C, cun mínimo de 24 horas de antelación.

9. EXECUCIÓN DO CONTRATO

PRAZO DE EXECUCIÓN:

Prazo de execución	Dende a formalización do contrato (previsiblemente febreiro) ata o 31 de decembro de 2026 (35 mensualidades)
---------------------------	--

Prórrogas	<p>Admítese prórroga do contrato.</p> <p>O contrato poderá prorrogarse como máximo ata o 31 de decembro de 2026. A prórroga será realizada anualmente e por períodos anuais ata o 31 de decembro de 2026.</p> <p>A prórroga será obrigatoria para o contratista, salvo que o GALP Golfo Ártabro Norte desista dela, en cuxo caso deberá comunicalo ao contratista cunha antelación mínima de 1 mes á data de finalización do contrato.</p>
------------------	--

CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DO CONTRATO:

Segundo o especificado no Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) e dentro do prazo de execución especificado no apartado anterior.

MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non hai

ADMISIÓN DE VARIANTES E/OU MELLORAS

No se admiten variantes nin melloras do servizo prestado.

PAGAMENTO DO PREZO

Por tratarse dun servizo de tracto sucesivo, os pagamentos poderán realizarse mensualmente. A facturación mensual será o resultado da división do importe total de licitación entre 35 mensualidades.

O pago realizarase a mes vencido e previa presentación da factura con sinatura dixital correspondente, estando supeditado a dispoñibilidade de crédito por parte do GALP Golfo Ártabro Norte. Cada factura será detallada e deberá cumprir a normativa vixente en materia de facturación.

CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O GALP Golfo Ártabro Norte poderá acordar a disolución do contrato, no caso de que concorra algunha das seguintes causas:

- O mutuo acordo entre o GALP e o/a contratista.
- A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- O incumprimento da obrigaón principal do contrato ou das restantes obrigas descritas nos pregos por parte da persoa ou entidade contratista.

10. PUBLICIDADE



CIF G70454657

O Anuncio de licitación será publicado na páxina web: <https://galp.xunta.gal/golfo-artabro/licitacions>.

11. ANEXOS

11.1 ANEXO I- Datos da persoa ou entidade licitante

ANEXO I-DATOS DE CONTACTO DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

(A incluír no SOBRE A)

Expediente: GALP2-F-2/2024

Asunto: SERVIZO TÉCNICO DE MANTEMENTO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS

Nome da persoa ou entidade licitante	
Nome da persoa representante legal	
Nome da persoa responsable e de contacto aos efectos da licitación	
Dirección postal	
Teléfono de contacto	
Dirección de correo electrónico a afectos de notificacións	

En _____, a _____ de _____ de 2024.

Sinatura da persoa ou responsable legal da entidade licitante



11.2 ANEXO II- Declaración Responsable

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

(A incluír no SOBRE A)

CONTRATACIÓN PROMOVIDA POLO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

OBXECTO DO CONTRATO: SERVIZO TÉCNICO DE MANTEMENTO DE EQUIPOS
INFORMÁTICOS (COD. GALP2-F-2/2024)

D./Dña.....,con DNI número..... actuando en calidade de representante legal da entidade mercantil ou en nome propio(o que proceda)..... con NIF número....., con domicilio social.....teléfono..... correo electrónico.....aos efectos de notificación,

DECLARA en representación propia ou da empresa

Primeiro.- Que conta coa capacidade e habilitación profesional necesaria para executar as prestacións obxecto do contrato, as cales se encadran no obxecto social da empresa.

Segundo.- Non estar incurso nas prohibicións de contratar establecidas polo artigo 71 da LCSP, en concreto, estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Tampouco incorre en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas pola normativa vixente.

Terceiro.- Non presenta ningunha outra oferta para esta contratación mediante empresa vinculada segundo o artigo 42.1 do Código de Comercio, aprobado mediante Real Decreto de 22 de Agosto de 1885.

Cuarto.- Sométese a xurisdición española polas continxencias que puidesen xurdir do contrato.

Quinto.- A dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións e _____.

Sexto.-Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____ a _____ de _____ 2024

Data e sinatura da persoa ou entidade licitante



11.3 ANEXO III- Declaración Responsable II

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

(A incluír no SOBRE A)

CONTRATACIÓN PROMOVIDA POLO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

OBXECTO DO CONTRATO: SERVIZO TÉCNICO DE MANTEMENTO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS (COD. GALP2-F-2/2024)

D./Dna.....,con DNI número..... actuando en calidade de representante legal da entidade mercantil ou en nome propio (o que proceda).....con NIF número....., con domicilio social.....teléfono.....,correo electrónico aos efectos de notificación:

DECLARA en representación propia ou da entidade licitante

Primeiro.- Que cumpre cos requisitos establecidos nos pregos de prescricións técnicas (PPTP) e administrativas (PCAP) para a licitación indicada neste Anexo III.

Segundo.- Comprométese a acreditar, ante o GALP Golfo Ártabro Norte, posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado, tal e como se indica nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas.

Terceiro.- Esta declaración xurada será incorporada no SOBRE A da oferta presentada para a licitación correspondente.

E para que así conste, asino a presente declaración xurada.

En _____ a _____ de _____ 2024

Data e sinatura da persoa ou entidade licitante



11.4 ANEXO IV- Modelo de oferta económica

ANEXO IV

OFERTA ECONÓMICA

(A incluír no SOBRE C)

CONTRATACIÓN PROMOVIDA POLO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

OBXECTO DO CONTRATO: SERVIZO DE MANTEMENTO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS
(COD. GALP2-F-2/2024)

DATOS DO/A DECLARANTE:

Nome e apelidos: _____
NIF: _____
Teléfono: _____
Correo electrónico para notificacións: _____
Enderezo postal para notificacións: _____
Entidade mercantil que representa (no seu caso): _____
NIF da entidade: _____
Cargo: _____

MANIFESTA:

Que, coñecidos os pregos de cláusulas administrativas e técnicas que deben rexer a contratación referida, e aceptando íntegra e incondicionalmente o seu contido, se compromete a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos, nas seguintes condicións:

OFERTA ECONÓMICA :

(O importe corresponde ao total do período : **Dende febreiro de 2024 ao 31/12/2026**; e debe indicarse o importe en número e letra)

	Importe (en número)	Importe (en letra)
Importe ofertado (Sen IVE)		
IVE		
Total (Con IVE)		

En _____ a _____ de _____ 2024

Data e sinatura da persoa ou entidade licitante



PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES (PPTP)

1. CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

O GALP Golfo Ártabro Norte é unha entidade sen ánimo de lucro que foi recoñecida como entidade colaboradora da Consellería do Mar para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, segundo Convenio de Colaboración asinado o 9 de xaneiro de 2023.

O Convenio de colaboración asinado, establece na súa cláusula décimo oitava o marco regulador do réxime de contratación do GALP Golfo Ártabro Norte. De acordo con esta cláusula, a contratación de asistencias técnicas, obras, subministracións ou calquera outro tipo de contratación efectuada polo GALP Golfo Ártabro Norte pertencentes aos gastos de funcionamento e animación, realizarase “segundo os principios de liberdade, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato, e eficiencia”, conforme a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), dada a súa condición de entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión e control de fondos públicos. Asemade, o GALP Golfo Ártabro Norte terá en conta as instrucións que emita o Organismo Intermedio de Xestión (en adiante, OIX).

Na data do 22 de xuño de 2023, a Consellería do Mar comunicou ao GALP Golfo Ártabro Norte a **Instrución nº 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro** (dispoñible en: <https://galp.xunta.gal/normativa>), na que se definen diferentes procedementos de contratación a aplicar por estes, en función das características da contratación e o seu importe.

NECESIDADE DA CONTRATACIÓN:

A presente contratación ten por obxecto a prestación do servizo técnico de mantemento de equipos informáticos nas instalacións do GALP Golfo Ártabro Norte e en remoto, necesidade que non pode realizarse directamente polo propio grupo, dado que non dispón dos medios materiais nin do persoal preciso para a prestación deste servizo.

2. CARACTERÍSTICAS DAS PRESTACIÓNS, FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR



CIF G70454657

O obxecto do contrato é a prestación do servizo técnico de mantemento de equipos informáticos nas instalacións do GALP Golfo Ártabro Norte sitas en Rúa Curro, nº33 – 15630 Miño (A Coruña) e en remoto á demanda sempre que sexa necesario, detallados a continuación:

- 1 servidor con CPU+Monitor
- 1 portátil
- 3 CPU+Monitor
- 1 Router VPN
- 1 dispositivo de telefonía fijo
- 2 dispositivos de telefonía móvil
- 4 dispositivos SAI
- Sistema informático Windows
- 6 discos duros externos
- Instalacións interiores de red cableada

O servizo técnico de mantemento de equipos informáticos comprenderá as operacións de mantemento preventivo e correctivo necesarias para conservar e asegurar o adecuado funcionamento dos equipos cubertos pola presente licitación. A adxudicataria proporcionará un antivirus para os equipos de traballo que garantice a seguridade dos mesmos. A adxudicataria realizará unha visita semanal á sede do GALP para a revisión integral dos equipos de traballo e a supervisión do correcto funcionamento de todos os equipos informáticos detallados na presente licitación.

O mantemento preventivo consistirá na inspección e reaxuste dos equipos, así como na aplicación de modificacións que, decididas polo equipo técnico da adxudicataria teñan como obxectivo mellorar as condicións de funcionamento sen alterar as especificacións de orixe. Realizarase segundo un programa preestablecido e particular para cada modelo de equipo.

O mantemento correctivo consistirá na reparación de averías orixinadas polo uso normal dos equipos e prestarase este servizo atendendo á chamada telefónica, escrito ou mail.

Todas as operacións a realizar en base ao presente contrato realizaranse durante a xornada laboral do equipo técnico do GALP. En caso de necesidade por parte do equipo técnico do GALP de requerir do servizo que se está a licitar fora das horas habituais de traballo, a persoa ou entidade licitante garantizará que o servizo queda cuberto e que se da resposta á



CIF G70454657

necesidade xurdida, debendo quedar garantida a substitución do persoal asignado á execución do contrato en caso de ausencia.

As pezas e elementos que deban ser substituídos na relación do servizo de mantemento serán subministrados pola adxudicataria sen cargo adicional.

A adxudicataria deberá garantir que se realiza a correcta copia de seguridade diaria da información aloxada no servidor do GALP.

A persoa ou entidade adxudicataria deberá ter dispoñibilidade de desprazamento á sede do GALP para atender tarefas extraordinarias e imprevistas cando sexa preciso, debendo quedar garantida a substitución do persoal asignado á execución do contrato en caso de ausencia.

O desenvolvemento do servizo realizarase de luns a venres e respectando os horarios do equipo técnico do GALP, de forma que as actividades que requiran mantemento presencial, serán consensuados co equipo técnico do GALP os horarios para a realización das mesmas.

No caso de que o contrato se formalice con posterioridade ao día 1 do mes en curso, realizarase ao inicio do mesmo unha revisión integral extraordinaria, posta a punto e mantemento correctivo, que compense ás semanas do dito mes de inicio en que non se desenvolveron tarefas de servizo técnico de mantemento dos equipos informáticos, aboándose integramente a mensualidade correspondente ao mes de inicio.

A adxudicataria porá a disposición do GALP un número de teléfono que estará dispoñible de luns a venres en horario de 8 a 20 horas para atender as necesidades que se requiran de servizo técnico de mantemento de equipos informáticos, debendo asignar a unha persoa como responsable da execución do contrato, que será a que execute os traballos de forma habitual para o GALP. Cando dita persoa necesite ausentarse por motivos tales como vacacións ou enfermidade, a adxudicataria nomeará a unha persoa como responsable da execución dos servizos contemplados nesta licitación para levalos a cabo en ausencia da responsable habitual. A persoa ou entidade adxudicataria deberá ter dispoñibilidade de desprazamento á sede do GALP, para que previa petición por parte do equipo técnico do GALP, acuda á sede nun tempo non superior ás dúas horas dende que se solicita o servizo, para realizar os traballos oportunos para o correcto funcionamento das actividades do GALP. A adxudicataria deberá ter especial dispoñibilidade durante o transcurso das dúas convocatorias anuais das que dispón o GALP para a presentación de proxectos económicos e non económicos, e que requiren a subida de documentación á plataforma facilitada pola Consellería do Mar, e que implica a necesidade de solventar calquera problema informático coa maior celeridade posible. O equipo técnico do GALP informará a adxudicataria da

publicación da convocatoria cando sexa publicada no Diario Oficial de Galicia, e, dende o día seguinte á publicación e durante un mes, a adxudicataria deberá ter especial dispoñibilidade para atender problemas relacionados coa presentación de documentación dirixida a presentar proxectos á dita convocatoria, non podendo ser superior a unha hora o tempo de resposta nas incidencias relacionadas con esta circunstancia.

3. FUNCIONS E OBRIGAS DA ADXUDICATARIA

A persoa ou entidade licitante que resulte adxudicataria quedará obrigada a efectuar o servizo nas condicións previstas nos pregos de cláusulas técnicas e administrativas.

A persoa ou entidade adxudicataria deberá tomar todas as medidas necesarias para a óptima prestación do servizo obxecto do contrato, dispoñendo de todos os recursos humanos e materiais adecuados ao efecto.

A persoa ou entidade adxudicataria obrígase a manter a confidencialidade da información á que poida ter acceso en función dos traballos descritos no presente prego, antes, durante e despois do desenvolvemento dos mesmos e o cumprimento do plan de traballo especificado nos presentes pregos.

A persoa ou entidade adxudicataria queda obrigada ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, en todo o que sexa de aplicación ao presente contrato, conforme ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

4. PRAZO E EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN

A duración do contrato será de 35 mensualidades, contados a partir do día seguinte á formalización do contrato (previsiblemente febreiro de 2024), ata o 31/12/2026.

O contrato poderá prorrogarse por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas consecutivas, sendo, por tanto, a duración total do contrato, incluídas as dúas prórrogas (dun ano cada unha) de un total de 35 mensualidades (ata o 31/12/2026). A prórroga será obrigatoria para o contratista, salvo que o GALP Golfo Ártabro Norte desista dela, en cuxo caso deberá comunicalo ao contratista cunha antelación mínima de 1 mes á data de finalización do contrato.



CIF G70454657

A execución do servizo establécese con periodicidade diaria, debendo realizar as accións detalladas no punto 2- Características das prestacións, finalidades e obxectivos a alcanzar coa frecuencia indicada, do presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP).

Os presentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) foron aprobados polo órgano encargado de aprobar os pregos de contratacións do GALP Golfo Ártabro Norte (órgano delegado da Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Norte) .

O PRESENTE DOCUMENTO É COPIA FIEL DO ORIXINAL

En Miño a 11 de xaneiro de 2024

Asdo: D. José Manuel Fernández Lage
Presidente do GALP Golfo Ártabro Norte

Asdo: D. Manuel Antonio Ramos Rodríguez
Representante da mesa do sector público do GALP
Golfo Ártabro Norte